
RODRÍGUEZ LAGO, J. R. (2012), *La iglesia católica en Galicia (1910-1936). Entre la Revolución de Portugal y la Cruzada de España, Santiago de Compostela: Andavira.*

Desde aquela interesantísima monografía *La Iglesia en la Galicia contemporánea. Análisis histórico y teológico del período 1931-36. IIª República*, que en 1978 editaron Francisco Carballo e Alfonso Magariños (Akal), probablemente non se escribiu ata este texto de agora de José R. Rodríguez Lago con tanta capacidade interpretativa sobre a presenza e intervención socio-política da Igrexa Católica en Galicia no tempo breve, mais intenso, que aquí se considera.

Sostén o autor, co apoio xeral historiográfico, que nese período Galicia protagonizou un incipiente proceso de modernización, impulsado pola súa paulatina integración no mercado capitalista, a crecente presenza dunha maior diversidade ideolóxica no seu seo e o incremento da participación cidadá, e pregúntase se a Igrexa se incorporou a tal proceso e en que medida, estudando para iso os discursos publicitados pola propia Igrexa, os recursos humanos e materiais postos en xogo, e as diferentes estratexias postas en xogo para sumarse ou opoñerse a tal proceso. En distinto modo, porque hai mesmo varias Galicias en tal proceso, tamén a Igrexa se incorporou a tal proceso modernizador, por máis que se impuxera no 36 e pola forza o autoritarismo e a intransixencia da xerarquía eclesiástica. Esta imposición dun modelo exacerbadamente clerical e tradicionalista escureceu, así pois, outras experiencias e liñas de

acción que comprirá reexaminar historicamente, ante a inicial sospeita

Parte a monografía dun primeiro capítulo titulado “El poder de las palabras” onde mostra algunhas das principais liñas de debate entre os sectores sociais e políticos secularizadores e os sectores eclesiásticos, que se expresan en Galicia cun chamativo dinamismo, que se reflicte na creación permanente de medios de prensa, desde onde facer oír a voz católica. “Roma, Madrid, Galicia” é o segundo capítulo onde a atención se centra no exercicio do poder político relixioso; alén das parroquias e das dioceses galegas, quen movía os fios máis poderosos nunha terra que a miúdo se considerou “de misión”, estando en xogo intereses das oligarquías locais, dos patronos eclesiásticos residentes na Corte, do incipiente movemento rexionalista, ou os do Vaticano, e os dos ministros galegos en Madrid?

Neste contexto, no que se evidencian diversas tensións, comasi mesmo e por un intre un tempo de “poder galego”, a Igrexa católica era cada vez máis unha tupida rede, a través da alta presenza social do clero, tanto rural como urbano, ao que se veu sumar unha crecente instalación de congregacións masculinas e femininas, pasándose de 100 casas relixiosas en 1901 ás 210 de 1931, sendo femininas 146 delas; non só por incorporación desde o interior do país, senon tamén por mor das incorporacións que procedían de Cuba, Porto Rico, Filipinas, e de Portugal, por causa da Iª República neste caso. Podemos falar, así, de posibilidades de acción multiplicadas, sexa en canto ao “social”, sexa con atención á educación a través dun crecente número de colexios relixiosos masculinos e femininos. Habe-

rá, por todo iso, un intenso movemento católico que se expresa a través de varias plataformas organizativas, con ponlas na vida parroquial, nalguns sectores obreiros e en sectores nucleados polo rexionalismo político, desde onde no seu momento se refugará o laicismo que acompaña á Segunda República, nun tempo no que tamén as autoridades eclesiásticas gardarían un clamoroso silencio ante o referendo polo Estatuto de Autonomía de Galicia. O tradicionalismo, o conservadurismo e o autoritarismo impoñíanse, por fin, sobre outras propostas de apertura. E logo, o que veu despois.

O autor exhuma o que para moitos será una documentación totalmente descoñecida para a historia eclesial galega durante as primeiras décadas do século XX, poñendo de manifesto unha intensidade particular de accións e de discursos que son parte constitutiva, non menor, do debate social vivido pola Galicia que emerxía co nacemento do século XX.

Antón Costa Rico

R. CUESTA FERNÁNDEZ, E. DIEZ GUTIÉRREZ, JUAN MAINER BAQUÉ, J. MATEOS MONTERO (2011): *Reformas y modos de educación en España: entre la tradición liberal y la tecnocracia. Separata de la Revista de Andorra, edición del Centro de Estudios Locales de Andorra, 122 páginas.*

La Revista de Andorra (publicación del Centro de Estudios Locales de Andorra, dirigida por Javier Alquezar Penón) incluye en su último y reciente número 11 un “Dossier Educación” que recoge las aportaciones presentadas en el curso que, bajo el título “La educación en

la España contemporánea” y organizado por la Casa de Cultura, se celebró en esa población en noviembre de 2011. Como ocurre con cierta frecuencia, también en esta ocasión el recurso a la perspectiva histórica para “situar” un debate de actualidad –en este caso, el anteproyecto de la denominada Ley Orgánica para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE)- habría fundamentado, según palabras de Alquezar, la organización del curso y la posterior edición de las ponencias.

La amplitud y la entidad del dossier (el enlace a cuyo contenido ha sido facilitado recientemente a la lista de la SEDHE por el compañero Raimundo Cuesta) ha justificado su edición como Separata, integrada por cuatro apretados trabajos que se presentan como “sendas aproximaciones a diferentes periodos y aspectos de la historia de la educación y de las políticas educativas en la España contemporánea”. Aproximaciones densas, sistemáticas y sintéticas, cuyo indudable interés reside, en buena medida, en la específica y compartida plataforma de pensamiento desde la que sus autores proceden a sus respectivos análisis. Consiguen con ello, y mediante una destilación de sus trabajos anteriores (porque de esto se trata, más que de aportaciones novedosas) una síntesis lograda que interesará a los historiadores de la educación contemporánea.

Con la excepción de Enrique Diez Gutiérrez (profesor del área de Didáctica y Organización escolar de la Universidad de León, y cuya aportación queda recogida en forma de entrevista final) los autores del texto participan, efectivamente, de una “marca de la casa” que ha producido sustantivas y ya dilatadas investigaciones de temática histórico-educativa. Al punto